

Cincuentenario do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos (1952-2002): Historia e conmemoración



XOSÉ MANUEL MONTERO GÓMEZ
PEDRO L. RODRÍGUEZ PORCA

Cincuentenario do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos (1952-2002): Historia e conmemoración

XOSÉ MANUEL MONTERO GÓMEZ*
PEDRO L. RODRÍGUEZ PORCA**

PRIMEIROS TEMPOS

No ano 2002 cúmprense cincuenta anos da creación do Instituto “Francisco Aguiar”, un centro educativo de capital importancia no desenvolvemento social e cultural que experimentou Betanzos -e toda a súa área de influencia- no transcurso destas últimas cinco décadas.

O Instituto de Betanzos empezou o seu funcionamento no curso 1952-53. O expediente de creación fora iniciado polo Concello o 20 de xullo de 1948, sendo Alcalde Tomás Dapena Espinosa, e a posta en marcha do Instituto, un Instituto Laboral da modalidade agrícola e gandeira, foi autorizada mediante un Decreto do Ministerio de Educación Nacional de 7 de setembro de 1951, que se publicou no Boletín Oficial do Estado o día vinte dese mesmo mes. Era daquela Ministro de Educación Nacional Joaquín Ruiz-Giménez e Director Xeral de Ensinanza Laboral Carlos María Rodríguez de Valcárcel.

A inauguración oficial do Instituto realizouse o 17 de setembro de 1952 e consistiu na celebración ás 10 da mañá dunha misa solemne de Espírito Santo, oficiada polo arcepreste da cidade, que foi seguida da impartición simbólica dunha primeira clase.

O de Betanzos foi un dos primeiros Institutos Laborais que houbo en Galicia, xuntamente cos de Vilagarcía, Noia e Tui. A eles engadíranse en anos posteriores os de Ribadavia, Mondoñedo, Lalín, Cee, Carballo, Ortigueira, Vilalba, Marín e Ribadeo. Estes Institutos Laborais naceran ó amparo da Lei de 16 de xullo de 1949, que establecía as Bases da Ensinanza Media e Profesional, e tiveron unha importancia extraordinaria porque foron o vehículo que levou a ensinanza media a zonas que ata ese momento a tiñan absolutamente vedada. Coa creación deses centros, ós que lles estaba asignada a función de cooperar á elevación do nivel cultural e técnico da comarca onde estaban integrados, pretendíase levar a cabo unha descentralización educativa que permitise estender a cultura e a técnica ós núcleos rurais, marítimos e mineiros, posibilitándolles así o acceso a unha ensinanza media que era daquela patrimonio exclusivo das capitais e dos grandes núcleos urbanos.

Non sorprende, pois, que a posta en marcha do Instituto fose recibida con gran satisfacción en Betanzos. Desá satisfacción e das expectativas que abría a creación do Instituto son boa mostra as seguintes palabras do profesor José Antonio Miguez Rodríguez,

***Xosé Manuel Montero Gómez é Catedrático de Lingua e Literatura Galegas e Director do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos.**

****Pedro Rodríguez Porca é Profesor de Física e Química e Xefe de Estudos do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos.**

recollidas dun artigo seu publicado polo xornal *La Voz de Galicia* o 16 de agosto de 1953: “Que esa Enseñanza Laboral habrá de procurar un eficaz aproveitamiento de todas las inteligencias y el arraigo cultural en la localidad y comarca naturales, es obvio repetirlo. Por lo que respecta al Centro de Enseñanza Media y Profesional de Betanzos cabe mencionar ya, en una concreción de sus propias posibilidades, la ayuda entusiasta a los mejores, mediante la concesión de becas que habrán de otorgarse en el curso próximo, el acercamiento directo al campo y a la masa campesina por medio de cursos volantes -trasunto de una política cultural que lleva la Universidad a todos los rincones de nuestras comarcas- y, en fin, el impulso notorio que hermanará para el futuro humanismo y técnica, tradición y modernidad. Si el signo de la Enseñanza Media y Profesional acentúa el descubrimiento de las esencias genuinas de la Patria, no ha de haber duda que el Centro Laboral de Betanzos responderá cumplidamente a su misión. Todo lo que su avance signifique estará unido, de modo inquebrantable, al progreso histórico de la ciudad. Y porque, necesariamente, los pueblos todos vivirán no de su historia sino más bien en la Historia, el esfuerzo a realizar obrará jubilosamente esa vinculación espiritual en la que el pasado milenario -honra y prez de nuestra propia vida- tomará carne en los afanes del tiempo presente”.

Con especial xúbilo saudou tamén a fundación do Instituto o Alcalde da cidade Tomás Dapena Espinosa, quen nunha entrevista publicada no primeiro número da revista *Albor* mostrou o seu convencemento de que “indudablemente, los Institutos Laborales, con sus varias actividades, (...) están llamados a elevar poderosamente el nivel cultural de nuestros pueblos y nuestra ciudad ve con gusto cuanto en este aspecto se viene ya realizando con la organización de cursillos, conferencias, etc. Cabe esperar fundamentalmente que este centro habrá de ser faro cultural de toda la comarca, con el cual se conseguirá desaparecer de nuestros límites el peón indocumentado y el vago pernicioso, lacras sociales que tanto daño han hecho en diversas épocas a nuestra Patria”.

Betanzos tiña, pois, de novo un Instituto. De novo, porque o certo é que Betanzos dispuxera xa en tempos da República dun Centro de Segunda Ensinanza. Tratábase do “Colexio Subvencionado de 2ª Ensinanza”, que se inaugurou no curso 1933-34 e foi consecuencia do empeño das autoridades municipais da época, e singularmente dos alcaldes Ramón Beade Méndez e Víctor Cancela Nogueiro, que consideraban que este centro educativo sería esencial para o progreso de Betanzos. Pronto conseguiu ademais o Concello que este colexio fose elevado á categoría de Instituto e decidiu darlle a mellor ubicación posible instalándoo no Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia, se ben a forte oposición ofrecida polas dúas sociedades alí establecidas, o “Liceo Recreativo” e o “Brigo Club”, obrigou finalmente ó Concello a situar o Instituto no exconvento de Santo Domingo, onde funcionou durante a súa breve existencia, á que puxeron fin en 1937 as novas autoridades xurdidas da guerra civil. E precisamente un dos catedráticos que exerceron a docencia nese Instituto, Agustín Folla Leis, habería de xogar, case vinte anos máis tarde, un papel fundamental no Instituto Laboral de Betanzos, do que foi o primeiro Director.

En efecto, baixo a dirección de Agustín Folla Leis, que impartía tamén a materia de Ciencias da Natureza, outros sete profesores foron os encargados de poñer en marcha o recién creado Instituto Laboral no curso inaugural 1952-53: José Antonio Míguez Rodríguez, profesor de Latín e Lingua Española; María del Carmen González Madrid, profesora de



Antigo edificio do Instituto «Francisco Aguiar»

Matemáticas; Manuel Lucas Álvarez, profesor de Xeografía e Historia; Enrique del Río Carreró, profesor de Formación Manual; Emilio de la Iglesia Caruncho, profesor de Debuxo; Teodoro Castro Cores, profesor de Formación Relixiosa; e Julio González Fernández, profesor de Educación Física e Formación do Espírito Nacional.

Pouco despois de comezado o curso, Manuel Lucas Álvarez obtén por oposición a cátedra de Paleografía e Diplomática da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, polo que deixa o Instituto, pasando a encargarse interinamente da súa materia o profesor José Antonio Miguez.

Foron corenta e cinco os alumnos que se presentaron ó exame de ingreso celebrado o 8 de novembro de 1952, dos cales conseguiron aprobar corenta e un. A eles engadírase un máis por traslado de expediente, o que faría un total de corenta e dous alumnos matriculados naquel primeiro curso 1952-53.

Así empezou a historia do Instituto de Betanzos. Un Instituto que non se limitaba a impartir as ensinanzas establecidas no Bacharelato Laboral, senón que, cumprindo a función que lle estaba encomendada de elevar o nivel cultural e técnico das xentes da localidade e da comarca, abordou tamén desde un principio a organización de conferencias e cursos nocturnos dirixidos a aquelas persoas que, por razón de idade ou circunstancias de traballo, non podían asistir ás clases normais diurnas do Bacharelato.

O primeiro destes cursos nocturnos, celebrado a comezos de 1953, contou con vintedous alumnos matriculados, entre os cales había mecánicos, electricistas, tallistas, operadores de cine, labregos, impresores, dependentes de comercio, carpinteiros, barbeiros e albaneis. No segundo curso nocturno, que se celebrou o ano seguinte, a matrícula ascendeu xa a sesenta alumnos.

Tamén se levaban a cabo cursos nocturnos femininos de economía doméstica. O primeiro deles impartíuse en 1955 e a el asistiron cento dezasete mulleres, a maior parte das cales eran amas de casa, aínda que tamén había estudantes, empregadas, bordadoras e modistas.

Entre os acontecementos que marcaron a vida do Instituto nos seus comezos, merecen ser destacados os seguintes: a publicación do Boletín *Albor*, a posta en marcha dunha emisora de radio, a decisión de dar ó Instituto o nome de “Francisco Aguiar” e a construción do novo edificio na Magdalena.

Albor foi o nome que o profesor José Antonio Miguez propuxo para o que sería o Boletín Informativo do Instituto Laboral de Betanzos, a revista do Instituto. A súa confección foi acordada polo Claustro de Profesores en reunión celebrada o 15 de xaneiro de 1953, e o primeiro número saíu á luz no mes de maio dese mesmo ano. José Antonio Miguez era o director e verdadeiro artífice desta publicación, da que apareceron un total de oito números, o derradeiro dos cales corresponde a febreiro de 1956. Imprimíase na Coruña e no seu consello de redacción figuraban conxuntamente profesores e alumnos. Era unha publicación de signo oficialista, achegada ós postulados políticos do réxime daqueles anos e que quería ter unha dimensión informativa e, en boa medida, propagandística.

A revista *Albor* trata a problemática dos Institutos Laborais e centra a súa atención particularmente no de Betanzos. A meirande parte das colaboracións non van asinadas. Os artigos de maior interese son os do propio José Antonio Miguez, aínda que tamén atopamos traballos de Álvaro Cunqueiro (como o titulado “Imagen y elogio de Betanzos”, que apareceu no número 7 da revista), Luís Hidalgo Fernández-Cano (que tratou temas de carácter agrícola e gandeiro), Carlos Alonso del Real (autor dun interesante artigo que se publicou no derradeiro número da revista co título de “Pre y Protoceltas”), Celestino Luís Crespo (que reivindica nun artigo o dragado da ría e a realización de melloras no porto), Antonio Concheiro Caamaño (do que se publicou no oitavo número unha serie de catro sonetos baixo o título de “Semblanzas del Pórtico de la Gloria”), e igualmente diversos traballos da autoría de profesores do Instituto como Teófila Sasiain, Julio Picatoste, Juana Castro Sacido ou Esteban Martínez Lago.

Albor foi, en definitiva, unha publicación efectivamente oficialista, como non podía ser doutro xeito naquel tempo, pero cumpriu unha importante función informativa como órgano de expresión que daba conta da vida do centro e das actividades que nel se realizaban, abordando tamén, ó mesmo tempo, asuntos de interese local e rexional. Neste sentido, non parece froito da casualidade que a súa existencia coincidise no tempo co período no que Joaquín Ruíz Giménez ocupou o Ministerio de Educación Nacional, como tampouco foi seguramente casual que a revista deixase de publicarse cando en 1956 Ruíz Giménez demitiu como Ministro polas dificultades coas que tropezo nos seus plans de reforma e democratización da Universidade.

Daquela primeira época do Instituto cabe destacar tamén o funcionamento dunha emisora de radio de onda curta, dirixida por Agustín Folla Leis, que foi quen conseguiu que a emisora saíse ó aire e quen se encargou da súa montaxe. Instalada en dúas pequenas salas do antigo convento de Santo Domingo, empezou a emitir oficialmente en marzo de 1955, aínda que xa comezara as súas probas no ano anterior.

Esta emisora do Instituto Laboral de Betanzos tivo a particularidade de ser a primeira emisora laboral que funcionou en España. É máis, foron os seus equipos técnicos os que contribuíron á montaxe doutras emisoras de Institutos Laborais, como os de Noia, Bermeo, Santoña, Sanlúcar de Barrameda ou Medina del Campo.

A súa cobertura abarcaba a comarca de Betanzos, aínda que podía ser tamén sintonizada nas zonas de Ferrol e A Coruña. Nas dúas horas e media diarias en que emitía (de 13,30 a

15,00 horas no mediodía e de 22,00 a 23,00 horas pola noite), desenvolveu un importante labor de divulgación cultural e representou un positivo complemento ó traballo formativo do centro.

Polos seus micrófonos pasaron, como locutores, Sofía Romero López, Francisco Carlos Seijo Rodríguez “Carlines”, José Luís de Tena Noguerol, José Verdes Pena, Lolita Cancela Picado e Carmen García Martín. Da parte técnica encargábanse Manuel Rosende Varela, Ángel Videla Amor e Eusebio Tenreiro García, e as funcións administrativas eran desempeñadas por Julia Rivas Bello.

A programación constaba basicamente de espazos de divulgación cultural e relixiosa, información agropecuaria, emisións deportivas, entrevistas e actuacións musicais. Nesa

programación, ademais do profesorado do Instituto, colaboraban tamén outras persoas alleas ó Centro, como Antonio Concheiro Caamaño, Margarita Lafont Núñez, Jesús Gundín Hurtado, Ramón Carballal Pernas, Julián Marcos Alonso, Jaime Concheiro del Río, Xulio Cuns Lousa ou Marcelino Álvarez López.

Radio Instituto Laboral de Betanzos permaneceu no aire durante once anos. Deixou de emitir a mediados de 1966 cando se obrigou ás emisoras coma ela a pasarse a frecuencia modulada, o cal levaba aparelado un moi importante investimento económico que o Instituto non estaba en condicións de afrontar.

O Instituto de Betanzos non levaba a denominación de “Francisco Aguiar” no seu comezo. Foi tres anos despois de inaugurado cando o Claustro de Profesores abordou a cuestión de poñerlle un nome ó Centro. E nunha sesión celebrada o 21 de outubro de 1955 acordouse solicitar ó Ministerio de Educación Nacional a autorización para que o Instituto Laboral de Betanzos levase o nome de “Francisco Aguiar”. A proposta partiu da profesora Juana Castro Sacido, e con ela quería honrar a memoria deste betanceiro ilustre, Francisco Aguiar y Seijas, que nacera en 1633 nunha casa contigua ó Consistorio e fora bautizado na parroquia de Santiago, e que, despois de estudar na Cátedra de Latinidade de Betanzos e exercer de párroco en San Martín de Tiobre, foi coengo penitenciario na catedral de Santiago, rector da Universidade, bispo de Guadalajara e Michoacán en Nova España e, finalmente, arcebispo de México, onde morreu en 1698.

Un mes despois de presentarse a proposta do Claustro, en novembro de 1955, o Instituto Laboral de Betanzos foi autorizado polo Ministerio de Educación Nacional a utilizar a denominación oficial de “Francisco Aguiar”, que é a que leva desde entón.

Tal como sucedera co Instituto da época da República, o Instituto Laboral estivo tamén instalado inicialmente, de xeito provisional, no antigo convento de Santo Domingo. Non obstante, o Ministerio aprobou en 1953 a construción dun edificio para o Instituto.



Medalla conmemorativa do 50 Aniversario da creación do Instituto «Francisco Aguiar». Nela aparece o logotipo do Centro, deseñado polo pintor Alfonso Sanjurjo.

O proxecto fora redactado polo arquitecto Antonio Tenreiro Brochón e estaba presupostado na cantidade de 3.018.397,45 pts..

En 1954 deron comezo as obras de construción do novo edificio do Instituto, situado na Magdalena, que entraría en funcionamento en 1957. Durante o transcurso das obras, estas foron visitadas tanto polo Ministro Ruiz Giménez como polo Director Xeral Rodríguez de Valcárcel. A inauguración das novas instalacións realizouse en setembro de 1957 de xeito sinxelo, aínda que durante algún tempo se especulou coa posibilidade de que o acto contase coa asistencia do mesmísimo Xefe do Estado, cousa que finalmente non sucedeu.

Este edificio da Magdalena, hoxe desaparecido, constituíu un modelo arquitectónico entre os do seu xénero e mesmo recibiu o Premio Nacional de Construcións Escolares. Foi, sen dúbida, un edificio emblemático, do que gardan grata e entrañable lembranza cantos nel estudaron e traballaron. Pero sucedeu que o paso do tempo foino deixando pequeno para atender a crecente demanda de matrícula, e en xaneiro de 1980 produciuse o traslado ás instalacións que ocupa na actualidade o Instituto "Francisco Aguiar". Cómpre ter en conta, ademais, que a incorporación da muller ós Institutos Laborais, que empezara co establecemento dos cursos nocturnos femininos de economía doméstica anteriormente mencionados, consolídase de xeito pleno a partir do curso 1963-64, que é cando comeza a funcionar a sección feminina do Instituto, situada en Santo Domingo ata o curso 1975-76 en que se fai efectiva a coeducación e a ensinanza mixta, acentuándose, por tanto, a insuficiencia das instalacións do edificio da Magdalena para dar cabida a todo o alumnado.

DE ONTE A HOXE. O INSTITUTO NA ACTUALIDADE

Máis alá das distintas ubicacións, foron moitos os cambios que viviu o Instituto "Francisco Aguiar" no transcurso dos seus cincuenta anos de existencia. Aqueles oito profesores iniciais foron incrementándose co paso do tempo, ata chegar ós case oitenta que ten na actualidade, e os corenta e dous alumnos matriculados naquel 1952 suman hoxe preto dun milleiro. Así mesmo, á designación primeira de Instituto Laboral sucedéronlle as de Instituto Técnico de Ensinanza Media, Instituto Nacional de Bacharelato, ata chegar á actual de Instituto de Educación Secundaria. Por outra parte, as súas aulas acolleron tamén os diferentes sistemas educativos que, con maior ou menor fortuna, se foron implantando a través dos anos. Pero no medio de tantas transformacións como se foron producindo, o que si permaneceu inmutable foi o permanente desexo do Instituto "Francisco Aguiar" de ser un punto de referencia no ámbito educativo galego, un Instituto que nin onte nin hoxe se limitou a deixarse levar pola corrente, senón que quixo en todo momento ser protagonista de importantes iniciativas e estar entre eses centros nos que sempre se pensa como exemplos de bo funcionamento e alto nivel de calidade educativa.

Así, nas últimas décadas foron numerosas as actuacións que contribuíron a proxectar a boa imaxe do centro e a consolidar o prestixio que caracterizou desde sempre ó Instituto "Francisco Aguiar". Neste sentido, cabe salientar, por exemplo, a victoria obtida en 1986 no concurso da Televisión de Galicia "Saber e Xogar". Eran os primeiros tempos da televisión autonómica -non existían aínda as cadeas privadas- e a TVG emitía semanalmente as tardes dos sábados un concurso no que competían equipos de centros educativos de toda Galicia, tanto públicos coma privados, en sistema de eliminatoria. Cada semana enfrontábanse dous equipos, un deles quedaba eliminado, o gañador pasaba á seguinte fase, e así ata chegar á gran final. As probas abarcaban diversas facetas: había competicións

deportivas, probas de informática, pero a parte fundamental era o cuestionario cultural, con preguntas nas que había que demostrar coñecementos de todo tipo.

O Instituto “Francisco Aguiar” decidiu participar, para o cal se formou un equipo, que resultou ser tan potente que foi eliminando semanalmente a cantos Institutos e centros privados tivo que enfrontarse, ata chegar á final, na que se proclamou campión do concurso.

Extraordinaria difusión tivo tamén en toda Galicia o Premio de Poesía e Relato Curto Francisco Aguiar, convocado polo Instituto e do que se celebraron sete edicións entre 1990 e 1996. Foi naquel momento o certame literario xuvenil máis importante de Galicia convocado por un centro educativo público. Foiño por varias razóns: pola notable contía económica dos premios, por estar dirixido a todo o alumnado galego de ensinanza media, pola gran cantidade de traballos que anualmente se presentaban e o elevado nivel de calidade dos que eran premiados, así como tamén polos actos que se organizaban arredor do certame e que culminaban cun acto solemne de entrega de premios que tiña lugar na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo.

Este certame literario, que conseguiu ter un eco importante nos medios de comunicación, trouxo a Betanzos, en calidade de membros do xurado e de conferenciantes, as figuras máis relevantes do panorama literario galego, entre os que cabe destacar a Carlos Casares, Alfredo Conde, Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas, Marina Mayoral, Manuel Rivas e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Así mesmo, o Instituto “Francisco Aguiar” publicaba cada ano un volume no que aparecían os traballos premiados na edición anterior. Precisamente ó prólogo dun deses libros, o publicado en 1993, corresponden as seguintes palabras que o profesor e membro da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero dedica ó Instituto de Betanzos e ó labor que nel se vén realizando: “¿Que se pode facer na aula, desde unha modesta cátedra ou silla, nun tecido moral e intelectual tan pouco sensible á palabra do profesor que imparte leccións de Ciencia, de Humanidade ou de Civilidade? Pese a todo, hai compañeiros que



Edificio actual do Instituto «Francisco Aguiar»

non depoñen as súas armas, que na nosa milicia son as do traballo, as do estudo, as do perfeccionamento e as da entrega pedagóxica. E tamén acontece, ás veces (non moitas), que algúns colegas teñen a sorte de traballaren en Centros onde a tradición e o ámbito interno son un estímulo, unha incitación para todos aqueles que, cada un ó seu xeito, queren, con paixón, ensinar e aprender. Non me trabuco se entre eses Centros menciono o Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, denominación que compromete non pouco, pois don Francisco Aguiar tivo, no século XVII, a paixón polas institucións docentes. Sabido é que, a moi poucos quilómetros de Betanzos, pasaba as súas fecundas vacacións aquel extraordinario pedagogo que se chamou Manuel Bartolomé de Cossío, quen, no limiar dun libro sobre Dereito consuetudinario galego (1916) chegou a estampar estas significativas e proféticas palabras: ‘Es esta una tierra privilegiada, y no le falta, como a toda nuestra pobre España, más que cultura y moralidad, que viene a ser lo mismo: una legión de misioneros honrados y clarividentes que iluminen y enciendan esa alma esclavizada por toda clase de inmundo caciquismo’. No Instituto Francisco Aguiar algo se sabe disto e tense, sen dúbida, en conta”.

Certamente, o esforzo innovador e a capacidade de adaptación ós cambios que se foron producindo na educación son aspectos que distinguiron en todo momento ó Instituto de Betanzos, un Instituto que quixo ser pioneiro en moitas cuestións que máis tarde se estenderían e serían adoptadas por outros centros. Así, foi un dos primeiros Institutos en abordar a galeguización documental e administrativa, moito antes de que esta fose de obrigatorio cumprimento e chegase a todo o sistema educativo galego. Foi tamén un dos primeiros centros escolares en utilizar un logotipo propio, obra do pintor Alfonso Sanjurjo, que identificase e singularizase o Instituto. Cando Internet era practicamente unha descoñecida nos centros educativos, xa o “Francisco Aguiar” tiña a súa páxina web. Está, así mesmo, entre os primeiros centros públicos que decidiron recuperar a tradición de organizar actos oficiais de clausura de curso, rompendo o tópico que consideraba este tipo de actos como exclusivo dos colexios privados. E, finalmente, cabe salientar que se trata do primeiro Instituto que ten o seu himno, composto pola profesora Ángeles Dolores Tagarro coa colaboración dos seus alumnos da materia de Música.

Entre os factores que contribuíron tamén nos últimos anos a proxectar a imaxe do Instituto “Francisco Aguiar” cabe resaltar o feito de terse convertido nun dos centros que



Diploma do premio Garelo 2002, outorgado polo Concello de Betanzos ó Instituto «Francisco Aguiar».

sistematicamente acada mellores resultados nas Probas de Acceso á Universidade, a frecuente obtención por parte de alumnos do Instituto de Premios Extraordinarios de Bacharelato, as repetidas vitorias conseguidas por alumnos do Centro no Rallye Matemático Sen Fronteiras, así como a integración en diferentes programas europeos, que leva consigo a participación do Instituto en proxectos educativos e intercambios escolares con outros centros de distintos países.

En definitiva, o Instituto “Francisco Aguiar” móstrase na actualidade como un Centro plenamente preparado para afrontar con éxito os novos tempos educativos que se están a vivir e para seguir prestando un servizo formativo nas mellores condicións de calidade ós alumnos, ás súas familias e á comunidade na que está integrado. Unha comunidade que tampouco quixo deixar pasar a efemérides do 50 Aniversario da creación do Instituto sen facer demostración do seu recoñecemento a esta institución e ó decisivo papel que desempeñou no progreso de Betanzos e da comarca. E por iso a cidade de Betanzos, a través dos seus representantes municipais, acordou outorgar ó Instituto “Francisco Aguiar” o premio Garelo 2002 no apartado de Cultura e poñer a unha rúa o nome do Instituto.

OCINCUNETENARIO

Para celebrar o seu cincuentenario, o Instituto “Francisco Aguiar” organizou un programa de actos que se desenvolveron durante o mes de abril de 2002 e nos que o

<p>Luns día 15 de abril</p> <p>As 11:00 horas Conferencia do Director da Biblioteca Municipal e do Arquivo de Betanzos D. Alfredo Eiras "A eterna casa do sobrián".</p> <p>As 12:45 horas Actuación do grupo de metais BBC, integrado por alumnos do Instituto.</p> <p>Martes día 16 de abril</p> <p>As 11:00 horas Conferencia de D. José Antonio Taibo "Internet. Nuevas tecnologías. Nuevas oportunidades".</p> <p>As 12:45 horas Concerto do grupo musical do Instituto "Francisco Aguiar", baixo a dirección da profesora Dña. Angeles Dolores Tagarro.</p> <p>As 12:45 horas Competicións deportivas internas.</p> <p>Mércores día 17 de abril</p> <p>As 11:00 horas Charla dos humoristas gráficos D. Carlos López e D. David Pinlar (Pinto&Chirral) "O humor gráfico na prensa".</p>	<p>As 12:45 horas Recital poético "Mil anos de poesía" por alumnos de Bacharelato do Instituto "Francisco Aguiar", baixo a dirección do profesor D. Constantino Chac.</p> <p>Xoves día 18 de abril</p> <p>As 11:00 horas Mea Residencia sobre "Roda Instituto Laboral de Betanzos". Intervención D. José Luis de Tena Nogueral, Dña. Carmen García Martín e D. Marcelino Álvarez.</p> <p>As 12:45 horas Conferencia do catedrático de Antropoloxía Social da Universidade da Coruña D. José Antonio Fernández de Rota "Betanzos como proxecto".</p> <p>Venres día 19 de abril</p> <p>As 11:00 horas Concerto do grupo musical do Instituto "Francisco Aguiar", baixo a dirección da profesora Dña. Angeles Dolores Tagarro.</p> <p>As 12:45 horas Competicións deportivas organizadas polo Departamento de Educación Física do Instituto "Francisco Aguiar", baixo a dirección de D. Romundo Fernández.</p>	 <p>Organiza: Unidade de Educación Secundaria FRANCISCO AGUIAR de Betanzos</p> <p>Colabora: Concello de Betanzos Deputación Provincial da Coruña Junta de Galiza, Consello de Educación e Ordenación Universitaria</p>
<p>Venres día 12 de abril ás 20:30 horas Edificio Liceo</p> <p>Inauguración de Mostra Fotográfica e Documental "O INSTITUTO "FRANCISCO AGUIAR" 50 ANOS DE EDUCACIÓN EN BETANZOS", organizada polo Instituto "Francisco Aguiar" e o Concello de Betanzos. Esta exposición permanecerá aberta ó público no liceo ata o día 25 de abril.</p>  <p>Xoves día 18 de abril ás 20:30 horas Aula Municipal de Cultura</p> <p>Presentación do libro conmemorativo do 50 Aniversario da creación do Instituto "Francisco Aguiar", organizado polo Instituto "Francisco Aguiar" e o Concello de Betanzos. Forán a presentación D. José Antonio Miguez Rodríguez, catedrático xubilado de Lingua e Literatura do Instituto "Francisco Aguiar" e D. Francisco Iglesias González, profesor titular de Pensamento na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid.</p>	<p>Venres día 19 de abril ás 20:30 horas Igrexa de San Francisco</p> <p>Concerto da Banda Municipal de Música de Betanzos conmemorativo do Cincuentenario do Instituto "Francisco Aguiar", organizado polo Instituto "Francisco Aguiar" e o Concello de Betanzos. O concerto será presentado por D. Marcelino Álvarez "Maño".</p> <p>Sábado día 20 de abril ás 13:00 horas Igrexa de Santa Domingo</p> <p>Mea polas profesoras, alumnos e membros do persoal non docente falecidos.</p> <p>Sábado día 20 de abril ás 14:30 horas Planta superior do Edificio Liceo</p> <p>Comida conmemorativa do 50 Aniversario da creación do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.</p>	 <p>Organiza: Unidade de Educación Secundaria FRANCISCO AGUIAR de Betanzos</p> <p>Colabora: Concello de Betanzos Deputación Provincial da Coruña Junta de Galiza, Consello de Educación e Ordenación Universitaria</p>

Programa dos actos conmemorativos do Cincuentenario do Instituto «Francisco Aguiar»

Centro contou coa colaboración decidida e entusiasta do Concello de Betanzos, a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Así, o día 12 de abril inaugurouse unha Mostra Fotográfica e Documental, que trataba de resumir en imaxes os distintos momentos e vicisitudes do Instituto, desde a súa fundación ata os nosos días. A Mostra estaba composta por un extenso material gráfico, unha parte moi importante do cal procedía do extraordinario arquivo fotográfico do profesor Antonio Selgas. A presentación da exposición estivo a cargo da profesora M^a del Carmen González Madrid, membro do primeiro Claustro de Instituto, e do propio Antonio Selgas. No acto interveu tamén o arquitecto Antonio Tenreiro Brochón, autor do proxecto do edificio da Magdalena no que funcionou o Instituto entre 1957 e 1980.

A exposición permaneceu aberta entre o 12 e o 26 de abril e constituíu un notable éxito de público, xa que foron moi numerosas as persoas que acudiron ó Liceo a contemplar esta ampla colección de fotografías na procura da evocación de vivencias, momentos, profesores e compañeiros daqueles anos de adolescencia pasados no Instituto.

Outra das actuacións importantes que se abordaron con motivo do 50 Aniversario da creación do Instituto "Francisco Aguiar" foi a publicación dun libro conmemorativo que contén, ademais de abundante material fotográfico, un número moi importante -máis de sesenta- de colaboracións literarias e artísticas, tanto de profesores que exerceron a docencia no Instituto coma de antigos alumnos, moitos dos cales ocupan hoxe postos relevantes no mundo da literatura, a arte, a investigación, o xornalismo, a xudicatura, a política e a cultura en xeral. A ilusión coa que todas estas persoas se prestaron a colaborar foi demostración do cariño co que lembran o seu paso polo Instituto e de como, en definitiva, teñen o sentimento de que o Instituto marcou, dalgunha maneira, as súas vidas. Pretendíase, a través desta publicación, lembrar e render homenaxe a cantos, desde a súa condición de profesores, alumnos ou membros do persoal non docente, formaron parte da Comunidade Escolar do Instituto "Francisco Aguiar" ó longo dos seus cincuenta anos de existencia.

A presentación do libro realizouse o día 18 de abril na Aula Municipal de Cultura nun emotivo acto que contou coa intervención do profesor José Antonio Miguez, que formou parte do primeiro Claustro que puxo en funcionamento o Instituto e no que permaneceu ata a súa xubilación académica, exercendo tamén a función de Director entre os anos 1957 e 1960 e sendo sempre un continuo referente para moitas promocións de alumnos. No acto interveu tamén Francisco Iglesias González, profesor na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid e membro da terceira promoción de alumnos que saíu das aulas do Instituto de Betanzos.

Importante foi tamén o Concerto conmemorativo do Cincuentenario, que celebrou o día 19 de abril a Banda Municipal de Música de Betanzos na igrexa de San Francisco. O concerto foi presentado polo profesor Marcelino Álvarez López e como remate do mesmo a Banda interpretou o himno do Instituto.

Todos estes actos foron complementados nas propias instalacións do Instituto coa organización dunha Semana Cultural, na que se programaron conferencias, mesas redondas, exposicións, actuacións musicais, representacións teatrais e competicións deportivas.

Finalmente, o día 20 de abril, despois da celebración dunha misa polos profesores, alumnos e membros do persoal non docente falecidos, tivo lugar nas instalacións do Liceo unha multitudinaria comida, que puxo fin ós actos conmemorativos do 50 Aniversario da creación do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.



O Director, Xosé M. Montero, recibe de mans do Alcalde de Betanzos, Manuel Lagares, o Premio Garelo 2002 concedido ó Instituto «Francisco Aguiar».

APÉNDICES


Documentos e imaxes dos actos conmemorativos do Cincuentenario

I

Intervención da Catedrática de Matemáticas xubilada e profesora fundadora do Instituto “Francisco Aguiar” de Betanzos María del Carmen González Madrid no acto de inauguración da Mostra Fotográfica e Documental “O INSTITUTO FRANCISCO AGUIAR. 50 ANOS DE EDUCACIÓN EN BETANZOS”, celebrado o 12 de abril de 2002.

UNA EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS

El Director del Instituto de Enseñanza Secundaria “Francisco Aguiar” me ha pedido que os presente la exposición de fotografías del profesor Antonio Selgas, un antiguo y querido compañero durante muchos años en la tareas docentes del Instituto. Mi fuerte no es la oratoria, desde luego, pero reconozco que no podría explicar con números o por medio de fórmulas matemáticas lo que representa esta exposición fotográfica que resume en imágenes las vicisitudes del Instituto en el período que va desde su fundación hasta



Despregable anunciador da Mostra Fotográfica e Documental «O Instituto Francisco Aguiar. 50 anos de educación en Betanzos».

nuestros días, cincuenta años casi cumplidos que avalan una trayectoria, creo que fructífera, para la vida cultural de la ciudad de Betanzos.

Antonio Selgas ha conseguido con sus fotografías fijar momentos inolvidables para quienes vivimos la historia tan azarosa, pero siempre estimulante, de este Instituto. Son fotos fijas, naturalmente, que aíslan unos momentos clave en los que los profesores y los alumnos aparecen interpretando el papel que les corresponde. En algún caso quisiéramos dotar de vida esas mismas imágenes, tan bien captadas, para que los recuerdos nos retrotrajesen a la fecha, al día y a la hora en que fueron tomadas. El oportunismo de este fotógrafo singular que es Antonio Selgas nos entrega de su mano este precioso legado que nos ayuda a reconstruir nuestro pasado, a revisarlo, a verlo en una perspectiva nueva con la que ya no contábamos, porque ni siquiera suponíamos que la vida nos depararía este reencuentro tan feliz con un tiempo que ya no vuelve.

Paso a paso, profesores y antiguos alumnos del Instituto hemos ido realizando nuestra jornada; unos, señalando el camino; otros echando a andar y soñando quizá con un futuro venturoso. La tarea de enseñar y la de aprender no pueden desvincularse la una de la otra porque los profesores también aprendemos enseñando, haciéndonos partícipes de los avances y de las ilusiones que se forjan nuestros alumnos.

Esos cincuenta años de la vida del Instituto “Francisco Aguiar”, que ahora conmemoramos, tienen una plasmación magnífica, no cabe duda, en las fotografías de Antonio Selgas en las que nos reconocemos en lo que fuimos y en una realidad que ya no es tal porque desgraciadamente muchísimos de sus intérpretes, esta es la verdad, no se encuentran entre nosotros. Es el momento, pues, de recordarlos a todos, a quienes en un ayer no lejano eran compañeros y amigos, seres ilusionados que se fueron para siempre dejándonos huérfanos de su compañía en estos actos del cincuentenario del Instituto.



Acto de inauguración da Mostra Fotográfica e Documental «O Instituto Francisco Aguiar. 50 anos de educación en Betanzos».

Antonio Selgas merece el reconocimiento más sincero de todos nosotros. La muestra fotográfica que aquí nos ofrece es un documento para la pequeña historia, esa historia que tantas veces se hace casi sin darnos cuenta con hechos que parecen intrascendentes y que luego, con el paso del tiempo, pueden llegar a alcanzar dimensión histórica. Muchas gracias, por lo demás, a cuantos han colaborado en el montaje de esta magnífica exposición y, por supuesto, al Instituto que la ha patrocinado.

María del Carmen González Madrid

II

Palabras pronunciadas polo Catedrático xubilado José Antonio Miguez, iniciador das tarefas docentes do Instituto “Francisco Aguiar”, no acto de presentación do libro do Cincuentenario do Instituto que se celebrou o 18 de abril de 2002.


PALABRAS AL VIENTO

El terco e indomable jesuita aragonés Baltasar Gracián, uno de los grandes pensadores españoles del siglo XVII, escribió estas máximas en su *Oráculo manual y arte de prudencia*, o lo que él llama, con esa precisión conceptual tan suya, *epítome de aciertos del vivir*: “Suele ser pesado el hombre de un negocio y el de un verbo. La brevedad es lisonjera y más negociante: gana por lo cortés lo que pierde por lo corto. Lo bueno, si breve, dos veces bueno; y aun lo malo, si poco, no tan malo. Más obran quintas esencias que fárragos.” Y en éstas me veo yo, queridos amigos que me escucháis, que hubiera dado algo por no tener protagonismo en este acto. Porque creo más obligado que otros lo tengan y que sean sobre todo los antiguos alumnos del Instituto “Francisco Aguiar” los que hagan uso de la palabra para presentar y enjuiciar este libro en el que se resumen muchos años de labor oscura con la mirada puesta en la dignificación de la enseñanza y en los valiosos frutos que de ella pueden obtenerse. Pero ya se sabe que a veces no puede uno negarse a ciertas obligaciones y todo lo que dice relación con este Instituto es un imperativo que no puedo ni debo eludir. Ya en ese libro que me toca comentar realicé un análisis de mis años de actividad docente, la mitad de mi vida como dije en él, al menos de entrega ilusionada a un quehacer que no sé si tiene la debida recompensa, pero que, a la larga, actúa positivamente en el ascenso progresivo, material y moral, de los individuos y de los pueblos. No hay posible descanso en esa noble tarea, ni caben tampoco los desfallecimientos ni tratar de volver la vista atrás, como no sea para considerar lo ya conseguido y proponerse nuevas metas en un caminar que tiene siempre horizontes lejanos, justamente los de esas vidas que están emergiendo, que están haciéndose, dirigidas por nosotros, para alcanzar en el futuro un mundo mejor que el actual.

Celebro naturalmente la iniciativa del Instituto “Francisco Aguiar” de publicar un libro que condense todo el acontecer de la historia del Centro en sus primeros cincuenta años de vida. La celebro y la hago mía porque no en vano es esa etapa la que refleja con mucha emotividad los trazos más trascendentales de mi existencia. Uno llegó aquí, queridos amigos, a esta ciudad de tanta riqueza histórica, con la incertidumbre de iniciar un ciclo docente que no sabíamos a dónde nos llevaría, en una experiencia nueva en el campo educativo que podría triunfar si éramos capaces de contagiarla de nuestras propias ilusiones juveniles.

Aquellos Institutos de Enseñanza Media y Profesional que, como el de Betanzos, había creado con visión de futuro un Ministro de Educación que fue gran hombre de bien y que, afortunadamente, todavía vive, Joaquín Ruiz-Giménez Cortés, no nacieron con buenos augurios porque rompían con la inercia de una educación un tanto anquilosada que aun no se había abierto a las gentes de los medios rurales, tan necesitadas de

orientación en el campo profesional. ¡Qué gran tarea estaba por hacer! Ciertamente, volviendo hoy la vista atrás no sé si la cumplimos con todo rigor tal como se nos pedía insistentemente. Pero lo que sí sé es que desde un principio pusimos manos a la obra, saltándonos los horarios establecidos para encontrarnos disponibles las veinticuatro horas del día. Había que movilizar a los jóvenes, darles un cauce a sus vidas con las enseñanzas de un Bachillerato que estaba a prueba, despertar conciencias dormidas, ofrecer perspectivas ilusionantes y, en fin, dinamizar en provecho de todos la cultura de la comarca. Para esto, en efecto, se habían creado



Libro editado polo Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos para conmemorar o 50 Aniversario da súa creación.

también los Institutos de Enseñanza Media y Profesional. En las páginas de un periódico del Instituto, que a duras penas y con mucho entusiasmo pudo publicarse durante los primeros cursos, han quedado reflejadas las múltiples actividades que entonces se desarrollaron: actos públicos, conferencias, cursillos nocturnos de formación y aprendizaje, charlas radiofónicas, todo un mosaico de facetas educativas para despertar de su atonía la vida un tanto adormecida de la ciudad, incorporándola a un quehacer más positivo y floreciente.

